

EPAPU “Eduardo Pondal”
Dto. Xeografía e Historia

Guía didáctica de Historia de España 2º Bacharelato semipresencial
Curso 2023-2024

| | |
|--------------------------------|--|
| Horario tutoría lectiva | Grupo mañá: G1 martes 10.45 a 11.30 G2 martes 11.30 a 12.15 Grupos tarde: mércores 17:30 a 18:15 |
| Horario tutoría de orientación | Luns 17:30 a 18:15 venres 10:45 a 12:15 |
| Profesora | María del Carmen Rodríguez García |
| Correo | maria.rodriguez.garcia.1976@gmail.com |
| Teléfono do centro | 881 960 901 Ext. 60915 |

1. MATERIAIS E RECURSOS

- **Libro de texto:** falar co profesor
- **Aula Virtual:** onde aparecerán os materiais empregados e mencionados nas titorías lectivas, as actividades recomendadas e outros materiais considerados de interese.

2. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

O estudo da historia de España é esencial para o coñecemento e comprensión non só do noso pasado senón tamén do mundo actual. Non menos importante é o carácter formativo da materia de Historia de España, xa que desenvolve capacidades e técnicas intelectuais propias do pensamento abstracto e formal, tales como a observación, a análise, a interpretación, a capacidade de comprensión e o sentido crítico. Por outra banda, a historia contribúe decisivamente á formación de cidadáns e cidadás responsables, conscientes dos seus dereitos e das súas obrigas, así como da herdanza recibida e do seu compromiso coas xeracións futuras.

Historia de España de segundo curso de bacharelato pretende ofrecer unha visión de conxunto dos procesos históricos fundamentais dos territorios que configuran o actual Estado español, prestando, cando cumpra, unha especial atención a Galicia, pero sen esquecer por iso a súa pluralidade interna e a súa pertenza a outros ámbitos máis amplos, coma o europeo e o iberoamericano. Neste sentido, a materia recolle, na análise dos procesos históricos, tanto os aspectos compartidos como os diferenciais. Concibida como materia común para todas as modalidades de bacharelato, ofrécelles aos alumnos e ás alumnas a posibilidade de coñeceren a historia de España de xeito continuo e sistemático. Na distribución cronolóxica dos contidos outórgaselle unha maior importancia ao coñecemento da historia contemporánea, sen renunciar por iso aos referidos ás etapas anteriores.

A través do estudo da Historia de España, o alumnado deberá adquirir determinados valores e hábitos de comportamento, como a actitude crítica cara ás fontes ou a valoración do patrimonio cultural e histórico. Así mesmo, tal estudo deberá contribuír a fomentar unha especial sensibilidade

cara á sociedade do presente e a súa problemática, que anime a adoptar unha actitude responsable e solidaria coa defensa da liberdade, a igualdade de entre homes e mulleres, os dereitos humanos, a non-discriminación e os valores democráticos.

3. UNIDADES DIDÁCTICAS E TEMPORALIZACIÓN

Grupos martes mañá

| DATAS | 1º TRIMESTRE |
|------------------------|---|
| 19 setembro | A nova monarquía dos Reis Católicos/ A configuración do imperio español no século XVI |
| 26 setembro | A crise socioeconómica do século XVII: aspectos socioeconómicos e políticos |
| 3 outubro | Economía e sociedade na Galicia dos Austrias (a agricultura e as súas transformacións, a importancia da pesca na Galicia litoral, a estrutura social: sociedade rendista e peso da fidalguía) |
| 10 outubro | Conquista e colonización de América: leis de Indias, revolución dos prezos |
| 17 outubro | O cambio dinástico e a guerra de Sucesión (causas, bandos e paz de Utrecht) / Os Decretos de Nova Planta e os seus efectos |
| 24 outubro | O reformismo borbónico en Galicia (a matrícula de mar, arsenal de Ferrol, a apertura do comercio colonial) |
| 31 outubro | A Ilustración en España/ O papel da muller na Idade Moderna |
| 7 novembro | A crise da monarquía absoluta (abdicacións, ocupación napoleónica) |
| 14 novembro | As Cortes de Cádiz e a Constitución de 1812/ A restauración de Fernando VII e do absolutismo |
| 21 novembro | A construción do Estado liberal (principios do liberalismo e diferenzas entre as familias políticas da época) |
| 27 novembro-1 decembro | PROBA ESCRITA DA 1ª AVALIACIÓN |

| DATAS | 2º TRIMESTRE |
|-------------|--|
| 5 decembro | A Revolución Gloriosa e a Constitución de 1869/ A Primeira República (proxecto federal e cantonalismo) |
| 12 decembro | A Restauración |
| 19 decembro | A cuestión nacional no último terzo do século XIX/ A reforma agraria liberal: as desamortizacións |
| 9 xaneiro | Os principais sectores industriais e o papel do ferrocarril |
| 16 xaneiro | O movemento obreiro (Sexenio Democrático e Restauración)/ A evolución da sociedade no século XIX (con especial atención á situación da muller) |
| 23 xaneiro | A crise da Restauración: a quebra do sistema, a crise de 1917, os gobernos de concentración e a guerra de Marrocos |

| | |
|---------------------|---|
| 30 xaneiro | A ditadura de Primo de Rivera (golpe de estado e etapas: delimitación temporal e características principais) |
| 6 febreiro | O establecemento da II República (forzas políticas e constitución de 1931)/ As principais reformas da II República |
| 20 febreiro | A Guerra Civil: sublevación, bandos e dimensión internacional |
| 27 febreiro | O Franquismo: características e institucionalización |
| 4-8 marzo | PROBA ESCRITA DA 2ª AVALIACIÓN |
| 3º TRIMESTRE | |
| 12 marzo | O Franquismo: as formas de oposición ao Réxime |
| 19 marzo | O Franquismo: política económica |
| 2 abril | A Transición e a consolidación da democracia |
| 9 abril | A situación da muller no século XX (II República, Franquismo e gobernos de democracia) |
| 16 abril | España en Europa e no mundo (entrada na CEE, integración na política internacional, participación en conflitos bélicos e misións humanitarias e de paz) |
| 23 abril | Evolución e cambios na España actual (retos da globalización económica e cultural, estado de benestar...) |
| 30 abril | REPASO |
| 2-8 maio | PROBA ESCRITA DA 3ª AVALIACIÓN |
| 12 xuño | Último día de clase de 2º de bacharelato |
| 17 – 19 xuño | EXAME EXTRAORDINARIO |

Grupos mércores tarde

| 1º TRIMESTRE | |
|---------------------|---|
| DATAS | CONTIDOS |
| 20 setembro | A nova monarquía dos Reis Católicos/ A configuración do imperio español no século XVI |
| 27 setembro | A crise socioeconómica do século XVII: aspectos socioeconómicos e políticos |
| 4 outubro | Economía e sociedade na Galicia dos Austrias (a agricultura e as súas transformacións, a importancia da pesca na Galicia litoral, a estrutura social: sociedade rendista e peso da fidalguía) |
| 11 outubro | Conquista e colonización de América: leis de Indias, revolución dos prezos |
| 18 outubro | O cambio dinástico e a guerra de Sucesión (causas, bandos e paz de Utrecht) / Os Decretos de Nova Planta e os seus efectos |
| 25 outubro | O reformismo borbónico en Galicia (a matrícula de mar, arsenal de Ferrol, a apertura do comercio colonial) |

| | |
|------------------------|--|
| 8 novembro | A Ilustración en España/ O papel da muller na Idade Moderna |
| 15 novembro | A crise da monarquía absoluta (abdicacións, ocupación napoleónica) |
| 22 novembro | As Cortes de Cádiz e a Constitución de 1812/ A restauración de Fernando VII e do absolutismo |
| 27 novembro-1 decembro | EXAMES 1ª AVALIACIÓN |

| 2º TRIMESTRE | |
|---------------------|--|
| 13 decembro | A construción do Estado liberal (principios do liberalismo e diferenzas entre as familias políticas da época) |
| 20 decembro | A Revolución Gloriosa e a Constitución de 1869/ A Primeira República (proxecto federal e cantonalismo) |
| 10 xaneiro | A Restauración |
| 17 xaneiro | A cuestión nacional no último terzo do século XIX/ A reforma agraria liberal: as desamortizacións |
| 24 xaneiro | Os principais sectores industriais e o papel do ferrocarril |
| 31 xaneiro | O movemento obreiro (Sexenio Democrático e Restauración)/ A evolución da sociedade no século XIX (con especial atención á situación da muller) |
| 7 febreiro | A crise da Restauración: a quebra do sistema, a crise de 1917, os gobernos de concentración e a guerra de Marrocos |
| 21 febreiro | A ditadura de Primo de Rivera (golpe de estado e etapas: delimitación temporal e características principais) |
| 28 febreiro | O establecemento da II República (forzas políticas e constitución de 1931)/ As principais reformas da II República |
| 4 – 8 marzo | PROBAS ESCRITAS 2ª AVALIACIÓN |

| 3º TRIMESTRE | |
|-------------------------|---|
| 13 marzo | A Guerra Civil: sublevación, bandos e dimensión internacional |
| 20 marzo | O Franquismo: características e institucionalización |
| 3 abril | O Franquismo: as formas de oposición ao Réxime/ O Franquismo: política económica |
| 10 abril | A Transición e a consolidación da democracia |
| 17 abril | A situación da muller no século XX (II República, Franquismo e gobernos de democracia) |
| 24 abril | España en Europa e no mundo (entrada na CEE, integración na política internacional, participación en conflitos bélicos e misións humanitarias e de paz) |
| | Evolución e cambios na España actual (retos da globalización económica e cultural, estado de benestar...) |
| 2-8 maio | PROBAS ESCRITAS DA 3ª AVALIACIÓN |
| 12 xuño | Último día de clase de 2º de bacharelato |
| 17 – 19 xuño | Exames extraordinarios |

4. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

-Os instrumentos de avaliación utilizados serán principalmente as probas escritas (exames), das que se tirará a nota da cualificación da materia. No obstante, resérvase a posibilidade de computar un 10% a realización de actividades, traballos...

- Realizaranse tres avaliacións, coincidindo cada unha delas co final dun trimestre.
- A finais de cada avaliación, nas datas establecidas polo centro, realizarase un exame.
- O exame da 1ª avaliación incluírá soamente preguntas teóricas (definicións e temas) mentres que os exames da 2ª e 3ª avaliacións incluírán preguntas teóricas e comentario de textos.
- No exame da 3ª avaliación ofrecerase ao alumnado a posibilidade de recuperar as avaliacións non superadas previamente (1ª e/ou 2ª) e realizará unha proba global ao alumnado.
- A nota final do curso será a media aritmética da puntuación obtida nas tres avaliacións, sempre e cando a cualificación de cada cuadrimestre sexa igual ou superior a 4.
- No exame extraordinario ofrecerase ao alumnado a posibilidade de recuperar as avaliacións non superadas previamente. É dicir, farase unha proba específica para aqueles que teñan unha avaliación suspensa. Pero os que teñan máis dunha avaliación suspensa, terán que facer unha proba global de todo o curso.
- A continua non asistencia á clase levará consigo a perda do dereito á avaliación continua.
- O alumnado que non seguira o proceso de avaliación continua estará obrigado a facer a proba global extraordinaria.

5. CONTIDOS MÍNIMOS

Considéranse requisito imprescindible para aprobar a materia amosar unha boa disposición cara a materia, con esforzo e interese persoal, que fagan posible a consecución de destrezas e coñecementos nos distintos aspectos de cada tema, que a continuación se enumeran:

- Saber expoñer coherentemente oralmente e por escrito as ideas, con corrección léxica, ortográfica e gramatical.
- Saber buscar información utilizando información de fontes variadas, incluídas as TICs.
- Utilizar adecuadamente o vocabulario específico dos distintos temas estudados.
- Análise e comentario de documentos históricos: textos, gráficos, estatísticas e mapas.
- ((Identificación e interpretación de distintos tipos de mapas, gráficos, imaxes... de contidoxeográfico, histórico ou artístico.))
- Diferenciación entre as causas e as consecuencias dun feito xeográfico ou histórico.
- Elaboración de eixos cronolóxicos e/ou ordenación cronolóxica de feitos históricos.
- Interrelación de factores (multicausalidade) cando se desenvolve a análise dun fenómeno histórico.
- Localización e explicación das ideas contidas nun documento de carácter histórico.
- Coñecementos dos trazos demográficos, económicos, sociais, políticos e culturais das distintas etapas históricas traballadas.
- Establecemento de diferenzas ou semellanzas entre modelos económicos, sociais ou políticos, así como entre fenómenos, acontecementos ou procesos históricos.
- Aplicación dos principios democráticos de respecto e tolerancia cara aos compañeiros e compañeiras e cara ao profesor ou profesora nas relacións existentes dentro da aula.